



Bases de competición Patinaxe Freestyle 2026

Índice de contido

1 EVENTOS A CELEBRAR	2
2 AFILIACIÓN DE DEPORTISTAS	3
3 NORMATIVA XERAL	3
4 NORMAS ESPECÍFICAS	4
5 INSCRIPCIÓN	5
6 EQUIPACIÓN.....	6
7 DELEGADOS E ENTRENADORES	6
8 DEREITOS DE ARBITRAXE	7
9 INCOMPARECENCIAS.....	7
10 RANKING ABSOLUTO.....	7
11 EVENTOS	8
11.1 CAMPIONATO GALEGO DE INLINE FREESTYLE.....	8
11.2 CAMPIONATO GALEGO DE SKATE CROSS	8
11.3 CAMPIONATO GALEGO DE PUMP TRACK.....	9
11.4 CAMPIONATO GALEGO DE ROLLER FREESTYLE - BOWL / STREET.....	9
11.5 LIGA GALEGA DE PATINAXE FREESTYLE	9
11.6 PROBAS DE NIVEL.....	10



Bases de competición Patinaxe Freestyle 2026

1 EVENTOS A CELEBRAR

A vindeira tempada é de transición polo que será máis curta do habitual, durando só de 1 de xaneiro a 31 de agosto do 2026. Por este motivo o total e formato de competicións verase reducido conforme a temporada anterior.

Proba	Datas propostas	
Campionato Galego de Pump Track	25 xaneiro	
Probas de Nivel Inline Freestyle	21 febreiro (Zona NORTE)	21 marzo (ZONA SUR)
Liga Galega de Patinaxe Freestyle	28 febreiro	15 marzo
	10 maio	24 maio
Campionato Galego de Inline Freestyle	11 e 12 de abril	
Campionato Galego de Roller Freestyle Street	19 abril	
Probas de Nivel Roller Freestyle	19 abril	
Campionato Galego de Skate Cross	26 abril	
Campionato Galego de Roller Freestyle Bowl	12 xullo	

Aínda que este sexa o calendario “ideal”, os propios clubs poden propoñer outras datas e incluso novas probas ou trofeos non incluídos neste calendario.

Ábrese un prazo de solicitude para a realización das probas por parte dos clubs interesados, que **finalizará o 10/12/2025 ás 23:59**.

Para que unha proba ou trofeo extra poida ser incluída no calendario oficial da **Federación Galega de Patinaxe**, será obrigatorio presentar a **solicitude correspondente** ante o **Comité Galego de Patinaxe Freestyle**, xunto coa **proposta de data, lugar e formato**. Esta solicitude será obxecto de **análise técnica** e deberá ser **aprobada expresamente polo Comité** antes da súa incorporación ao calendario oficial.

En coherencia coa evolución a nivel nacional, **a disciplina de Skate Cross pasa a ser clasificatoria para o Campionato de España**, substituíndo o antigo formato de RollerCross.

Non obstante, e co obxectivo de manter espazos de participación e promoción, o **RollerCross continuará existindo a nivel autonómico**, podendo os clubs interesados **solicitar a organización dunha proba**.

As solicitudes recibidas en **tempo e forma** serán igualmente consideradas para a súa inclusión no calendario oficial da tempada.



Bases de competición Patinaxe Freestyle 2026

2 AFILIACIÓN DE DEPORTISTAS

Para homoxeneizar as categorías co resto de probas oficiais nacionais, manteremos categorías semellantes ás utilizadas pola RFEP, incluíndo unha categoría *MINI*, que favorece a participación dos máis pequenos.

Categoría	Idade a cumprir en 2026	Ano de nacemento
Mini	8 anos ou menos	2018 - posteriores
Benxamin	10 a 9 anos	2017 - 2016
Alevín	11 a 12 anos	2015 - 2014
Infantil	13 a 14 anos	2013 - 2012
Xuvenil	15 a 16 anos	2011 - 2010
Junior	17 a 18 anos	2009 - 2008
Senior	19 anos e seguintes	2007 - 1994
Máster	30 anos e seguintes	1995 - 1987

A categoría que figure na licenza do patinador na primeira competición na que participe determinará a súa participación no resto da tempada 2026.

3 NORMATIVA XERAL

Aplicarase o **Regulamento de Freestyle** (Inline Freestyle, Roller Freestyle ou Skate Cross) vixente, así como todos os **comunicados, actualizacións ou indicacións** da FGP ou da RFEP ao respecto.

Todo o non previsto neste comunicado rexerese conforme ao disposto nas diferentes normas da especialidade, así como polo **Regulamento Xeral de Competicións** e os **Estatutos da RFEP**.

Co fin de adaptar o desenvolvemento das competicións ao nivel técnico e formativo do ámbito galego, o **Comité Galego de Patinaxe Freestyle** poderá aplicar **adaptacións ou reducións dos mínimos técnicos establecidos no regulamento nacional** das disciplinas correspondentes.

Estas adaptacións poderán referirse, entre outros aspectos, á **altura mínima de salto por categoría**, á **supresión ou simplificación de exercicios básicos en Classic** ou á **manter determinados derrapes ou elementos formativos en categorías Mini ou Promoción**.

En ningún caso estas modificacións afectarán ao criterio xeral de avaliación, e serán comunicadas expresamente nas **convocatorias oficiais de cada proba**.

Horarios e paróns. O CGF poderá axustar os horarios e paróns de cada proba segundo o número de inscritos/as e as necesidades técnicas, evitando prolongacións innecesarias e garantindo a seguridade do persoal técnico e o correcto desenvolvemento da competición. Do mesmo xeito, **evitaranse os paróns prolongados destinados exclusivamente a comer**, debendo tanto os **equipos participantes** como o **persoal de vulgamento organizar as súas pausas internas** sen que isto repercuta na continuidade nin na duración total da xornada, salvo en casos nos que resulte estritamente necesario establecer unha interrupción formal por motivos organizativos ou de seguridade.



Bases de competición Patinaxe Freestyle 2026

4 NORMAS ESPECÍFICAS

CLASSIC

- A música deberá enviarse en formato **.mp3**, identificada co **nome do patinador/a** seguido do **nome do club**.
- O arquivo debe estar **recortado** á **duración da rolda**.
- Os arquivos que non cumpran estes requisitos (formato incorrecto, nome mal identificado ou non recortados) serán notificados para a súa corrección.
- Se non se corrixen dentro do prazo establecido na convocatoria, considerarase equivalente a recibir a música fóra de prazo, aplicándose a penalización de **-10 puntos**.

SALTO

- Categorias **MINI e Benxamín**: obrigatorio o uso de **casco e muñequeras**.
- Categorias superiores: obrigatorio o uso de **muñequeras e altamente recomendable** o uso de **casco**.

ROLLERCROSS

- Obrigatorio o uso de **casco, muñequeras e xeonlleiras**.

PUMPTRACK, SKATE CROSS e todo o ROLLER FREESTYLE

- Obrigatorio o uso de **casco, códeas, muñequeras e xeonlleiras**.
- Para as probas de **Street** será tamén obrigatorio o uso de **espinilleiras**, salvo no caso de **Liga e probas de promoción**, onde serán optativas pero altamente recomendables.
- Nas probas que se realicen sobre **suelo de asfalto**, recoméndase o uso de **prendas resistentes á abrasión** (exemplo: pantalóns longos de tecido vaqueiro ou similar).

DISPOSICIÓN FINAL

Calquera cambio sobre estas normas específicas, por motivos de seguridade ou organización, será contemplado en cada convocatoria particular e terá validez unicamente para esa proba.



Bases de competición Patinaxe Freestyle 2026

5 INSCRIPCIÓN

Para poder participar nas competicións oficiais da FGP serán requisitos indispensables:

- No caso de nacionais ou estranxeiros residentes en España, deberán contar con **licenza autonómica** e ter a idade que se contempla en cada competición.
- No caso de estranxeiros non residentes en España, ademais de cumprir coa idade requirida en cada competición, deberán contar cunha **licenza do seu país** (que inclúa en todo caso un **seguro deportivo válido para España**), salvo que non exista a disciplina de Inline Freestyle, Roller Freestyle ou Skate Cross recoñecida como tal. Neste caso, deberán contar cun **seguro deportivo específico** que cubra a súa participación, debendo entregar copia do mesmo coa inscrición en cada proba.
- Contar cun **consentimento por escrito** do responsable do Comité ou Federación da súa propia comunidade autónoma, para todos aqueles nacionais ou estranxeiros residentes en España que non teñan
Licenza Galega.
- **Inscribirse en tempo e forma** no circuíto, proba ou trofeo e **abonar os custos**, se os houbese.

As inscricións estarán suxeitas aos prazos e instrucións indicadas na convocatoria de cada proba. En función da capacidade organizativa, poderá limitarse a participación a un mínimo ou máximo de competidores, se fose necesario.

As inscricións deberán realizarse, con carácter xeral, a través da **Intranet oficial da Federación Galega de Patinaxe**, indicando de forma obrigatoria, ademais da relación de deportistas inscritos, os **delegados/as** que **acudirán presencialmente** a cada proba.

No caso de clubs que non contén con ficha galega ou non teñan acceso á intranet, a inscrición deberá efectuarse a través do correo oficial do Comité Galego de Patinaxe Freestyle, seguindo as instrucións específicas recollidas na convocatoria.

Excepcionalmente, permitirase a inscrición de deportistas **fóra do prazo previsto na convocatoria**, sempre que esta se produza **dentro das 72 horas seguintes ao peche oficial** e sexa **autorizada polo Comité Galego de Patinaxe Freestyle**.

Esta inscrición fóra de prazo estará **suxeita a unha sanción económica**, que será determinada segundo o **Rexime Disciplinario vixente da Federación Galega de Patinaxe** e imposta polos órganos de Competición e Disciplina da FGP, como órgano competente en materia sancionadora.

A solicitude deberá xustificarse por escrito e remitirse antes do remate dese prazo adicional de 72 horas, quedando a súa aceptación condicionada á valoración técnica e organizativa do comité.

Non se admitirá a participación de quen non cumpra estes requisitos dentro dos prazos previstos en cada convocatoria.



Bases de competición Patinaxe Freestyle 2026

6 EQUIPACIÓN

Os patinadores deberán levar, de forma inescusable, a **indumentaria oficial do club** co que se inscriban, tanto durante as probas como na zona de quecemento e no pódium.

- Na modalidade de **Classic**, poderá empregarse o vestuario necesario para a rolda, pero no pódium será obrigatorio vestir a indumentaria oficial do club.
- Nos **pódiums** non se poderán usar elementos publicitarios como patíns extra, lonas, bandeiras ou carteis. Só se permitirá subir cos patíns postos nos pés, e coa cabeza descuberta, con casco ou cunha gorra sen marcas ou coa do propio club.
- Os clubs deberán enviar ao Comité (comitefreestyle@fgpatinaxe.gal) unha **fotografía da súa indumentaria oficial** antes de que remate o período de inscrición da primeira proba na que participen con ela.

Probas

individuais

En competicións individuais, os deportistas deberán levar calquera das **pezas identificativas da indumentaria oficial do club** remitida previamente, non sendo necesario que todos os membros do club vaian exactamente iguais.

Probas

por

equipos

En competicións por equipos, todos os integrantes deberán levar a **mesma indumentaria oficial**, garantindo uniformidade durante o desenvolvemento da modalidade e na entrega de premios.

Clubs

con

varias

equipacións

Se un club posúe dúas ou máis indumentarias oficiais, deberá comunicalo previamente ao Comité. Para certas probas poderá esixirse o uso da mesma equipación en todos os deportistas do club. Esta norma poderá ser flexible en competicións con formato **OPEN**.

7 DELEGADOS E ENTRENADORES

Só os **delegados** con licenza habilitada pola FGP poderán realizar as funcións de Delegado. A licenza de delegado non é compatible coa de deportista ou adestrador na mesma competición, segundo o artigo 70 do R.G.C. da RFEP.

Só os **adestradores-monitores** con licenza habilitada pola FGP poderán entrar en pista e ocupar a zona reservada para adestradores. Unha persoa pode ter licenza de adestrador e deportista do mesmo club na mesma competición e realizar ambas funcións. Se fose obxecto dunha sanción disciplinaria, dita sanción estenderase a ambas funcións mentres non se cumpra a sanción imposta.

Para poder participar en competicións autonómicas, todos os clubs deberán contar, cun delegado con licenza homologada. Isto non obriga a que esta figura deba estar presentes durante o transcurso da proba.



Bases de competición Patinaxe Freestyle 2026

8 DEREITOS DE ARBITRAXE

O dereito de arbitraxe de xuíces e técnicos, incluído speaker, está fixado segundo a **circular común de honorarios e formación vixente** de Patinaxe Freestyle da FGP.

Para exercer en calquera de estas funcións, incluído Speaker, será preciso sacar a licenza axeitada.

Dimensionamento do panel. O CGF determinará o **número de xuíces** por proba/modalidade segundo o volume de participación e relevancia da proba.

Dispoñibilidade. A designación comunicárase con, polo menos, **20 días** de antelación. A **renuncia fóra de prazo (7 días)** sen causa xustificada poderá implicar **perda de prioridade** en vindeiras designacións e, de ser o caso, comunicación ós órganos de Competición e Disciplina da FGP.

9 INCOMPARECENCIAS

O deportista que, tras realizar a inscrición para unha proba, desexe retirarse deberá informar ao **Comité Galego de Patinaxe Freestyle (CGF)** con, polo menos, **48 horas (2 días)** de antelación ao inicio da competición.

Se a súa retirada se produce **despois dese prazo**, esta só será aceptada en **condicións excepcionais**.

Tras examinar os motivos e a documentación xustificativa achegada, se se considera **inxustificado o motivo da retirada**, darase curso ós órganos de Competición e Disciplina da FGP para a súa resolución.

En competicións por equipos, un equipo que formalizase a súa inscrición **non pode retirarse da competición salvo por unha causa xustificada**.

Se un equipo previamente inscrito se **retira ou non se presenta** a unha competición ou parte desta, darase curso ós órganos de Competición e Disciplina da FGP para a súa resolución, salvo que **xustifique a ausencia e esta sexa admitida**.

No caso de **non ser admitida**, na tempada seguinte **non poderá inscribirse** para participar na devandita competición.

10 RANKING ABSOLUTO

Establecerase un ranking dividido entre SUB-15 e ABSOLUTO, por modalidade e sexo, para determinar as ordes de saída de cada competición na que colabore directamente a FGP. O ranking absoluto non comprende un circuito, nin ten premio final.

O ranking actualízase con cada competición e publícase a última versión, de forma trimestral, a través dun comunicado oficial do Comité Galego de Freestyle. Se coinciden varias competicións no mesmo trimestre, as ordes de saída realízanse coa última actualización do ranking e non co último publicado.



Bases de competición Patinaxe Freestyle 2026

Dependendo da relevancia da proba, o Comité asignará un sistema de puntuación ou outro baseándose nas seguintes táboas:

Tabla 1	
Puntos	15. 170
1. 300	16. 167
2. 269	17. 164
3. 250	18. 162
4. 238	19. 161
5. 226	20. 159
6. 216	21. 157
7. 207	22. 156
8. 201	23. 154
9. 195	24. 153
10. 190	25. 151
11. 185	26. 150
12. 181	27. 149
13. 176	28. 148
14. 173	+1.-1

Tabla 2	
Puntos	12. 125
1. 200	13. 122
2. 180	14. 120
3. 169	15. 118
4. 161	16. 116
5. 153	17. 114
6. 147	18. 113
7. 141	19. 112
8. 137	20. 111
9. 133	21. 110
10. 130	+1.-1
11. 127	

Tabla 3	
Puntos	12. 88
1. 140	13. 85
2. 126	14. 84
3. 118	15. 83
4. 113	16. 81
5. 107	17. 80
6. 103	18. 79
7. 99	19. 78
8. 96	20. 77
9. 93	21. 76
10. 91	+1.-1
11. 89	

Tabla 4	
Puntos	12. 46
1. 100	13. 44
2. 86	14. 43
3. 78	15. 41
4. 72	16. 40
5. 66	17. 38
6. 62	18. 37
7. 58	19. 36
8. 55	20. 35
9. 52	21. 34
10. 50	+1.-1
11. 48	

11 EVENTOS

11.1 CAMPIONATO GALEGO DE INLINE FREESTYLE

O número mínimo de deportistas para a realización do Campionato Galego nunha categoría é de **3 participantes**. No caso de que unha categoría non acade o mínimo en cada modalidade, poderá unirse a outra ou outras, ou poderá determinarse a competición de forma mixta. Queda ao criterio do **Comité** e do **Xuíz Principal** decidir como proceder.

Convocaranse as modalidades de **Classic**, **Classic por parellas**, **Battle**, **Speed Slalom**, **Salto e Derrapes**, podendo convocarse tamén **Team Battle e/ou Team Speed**.

Para os **tres primeiros postos** en cada categoría entregárase **medalla no pódium correspondente**, podendo a organización completar a entrega con **trofeo e/ou diploma**. Os deportistas de categorías unidas por non acadar o mínimo recibirán o premio pola **categoría resultante da unión**.

Será obrigatorio ter realizado, polo menos, **unha proba de nivel**, acadando o **nivel 2** da disciplina na que se queira competir.

O Campionato Galego organizarase nunha **única proba**, de **un ou dous días de duración**, onde se realizarán todas as modalidades con mínimo de tres participantes inscritos. No caso de que só se inscriban unha ou dúas persoas, o **Xuíz Principal** poderá solicitar a realización dalgún exercicio, co obxectivo de valorar se se cumpren os **mínimos necesarios para competir en probas nacionais**.

Non poderán optar a participar no **Campionato de España de Inline Freestyle**, representando a Galicia, aqueles patinadores que non participasen no presente Campionato Autonómico. Esta cláusula poderá ser revisada e avaliada polo **Comité**, sempre que exista unha **causa debidamente xustificada**. Tras a celebración do Campionato, a **FGP** remitirá ao **CNIF (Comité Nacional de Inline Freestyle)** un listado cos deportistas **autorizados a solicitar a súa inscrición** nestas probas.



Bases de competición Patinaxe Freestyle 2026

No caso de que, por calquera motivo, non se puidese celebrar o Campionato Autonómico, o **club** deberá enviar unha **solicitud formal ao Comité** (comitefreestyle@fgpatinaxe.gal), indicando as probas nas que se presentará o patinador para obter autorización.

11.2 CAMPIONATO GALEGO DE SKATE CROSS

O número mínimo de deportistas para a realización do Campionato Galego nunha categoría é de **3 participantes**. No caso de que unha categoría non acadase o mínimo, poderá unirse a outra ou outras, ou poderá determinarse a competición de forma mixta. Queda ao criterio do **Comité** decidir como proceder.

O Campionato Galego organizarase nunha **única proba**, dedicada exclusivamente a esta modalidade.

Para os **tres primeiros postos** en cada categoría entregarase **medalla no pódium correspondente**, podendo a organización completar a entrega con **trofeo e/ou diploma**. As categorías que se unan por non acadar o mínimo recibirán o premio pola **categoría resultante da unión**. Ademais, entregarase un **trofeo ao patinador/a máis rápido/a de cada sexo**.

Non poderán optar a participar no **Campionato de España de Skate Cross** (se o houbese), representando a Galicia, aqueles patinadores que non participasen no presente Campionato Autonómico. Esta cláusula poderá ser revisada e avaliada polo **Comité**, sempre que exista unha **causa debidamente xustificada**. Tras a celebración do Campionato, a **FGP** remitirá un listado cos deportistas **autorizados a solicitar a súa inscrición** nestas probas.

No caso de que, por calquera motivo, non se puidese celebrar o Campionato Autonómico, o **club** deberá enviar unha **solicitud formal ao Comité** (comitefreestyle@fgpatinaxe.gal), indicando as probas nas que se presentará o patinador para obter autorización.

11.3 CAMPIONATO GALEGO DE PUMP TRACK

Este Campionato rexerase polas mesmas condicións establecidas para o **Campionato Galego de Skate Cross**, adaptadas ás particularidades da instalación e do trazado.

11.4 CAMPIONATO GALEGO DE ROLLER FREESTYLE - BOWL / STREET

O número mínimo de deportistas para a realización do Campionato Galego nunha categoría é de **3 participantes**. No caso de que unha categoría non acadase o mínimo, poderá unirse a outra ou outras, ou poderá determinarse a competición de forma mixta. Queda ao criterio do **Comité** decidir como proceder.

Dentro das posibilidades da **FGP**, intentarase convocar a modalidade de **Bowl / Street**. Non se fará distinción entre **patíns Quad e Línea**, seguindo o mesmo criterio que se aplica a nivel nacional para favorecer a participación de ambos.

O Campionato Galego organizarase nunha **única proba**, na que se desenvolverán todas as modalidades con, polo menos, tres participantes inscritos.

Para os **tres primeiros postos** en cada categoría entregarase **medalla no pódium correspondente**, podendo a organización completar a entrega con **trofeo e/ou diploma**. As categorías que se unan por non acadar o mínimo recibirán o premio pola **categoría resultante da unión**.

Non poderán optar a participar no **Campionato de España de Roller Freestyle**, representando a Galicia, aqueles patinadores que non participasen no presente Campionato Autonómico. Esta cláusula poderá ser revisada e avaliada polo **Comité**, sempre que exista unha **causa debidamente xustificada**.



Bases de competición Patinaxe Freestyle 2026

No caso de que, por calquera motivo, non se puidese celebrar o Campionato Autonómico, o **club** deberá enviar unha **solicitud formal ao Comité** (comitefreestyle@fgpatinaxe.gal), indicando as probas nas que se presentará o patinador para obter autorización.

11.5 LIGA GALEGA DE PATINAXE FREESTYLE

Convócanse as categorías **SUB 15 mixta** e **ABSOLUTA mixta**, entendéndose nesta competición da Liga Galega como aquelas que agrupan a todos os deportistas, masculinos e femininos, desde a categoría **MINI**, para favorecer a participación de equipos. Un deportista da categoría **SUB 15** pode participar na categoría **ABSOLUTA**, pero non ao revés.

A **LGP 2026** convócase coas probas de **Roller Cross, Street, Derrapes, Salto, Team Speed e Team Battle**, que se organizan por etapas, onde cada proba convocada corresponderá a unha xornada. Unha vez recibidas as preinscricións dos equipos participantes, poderase determinar se é necesario facer unha única división de promoción por categoría ou se se pode dividir máis, ou incluso facer agrupacións.

Así mesmo, segundo o número total de equipos inscritos, o CGF poderá establecer **grupos internos dentro da propia Liga** (por exemplo, grupos A/B ou divisións paralelas), co obxectivo de equilibrar a competición, axustar tempos de xornada e garantir a participación de todos os equipos en condicións adecuadas.

Cada club poderá inscribir en cada categoría un máximo de 2 equipos diferentes, pudiendo darse o caso de que un club teña un máximo de 4 equipos inscritos entre ambas dúas categorías. Cada equipo deberá ter inscritos un mínimo de **4 deportistas** no momento de formalizar a inscrición, sen límite máximo. Cada equipo deberá levar camisetas diferentes.

En cada proba só poderán participar un máximo de **4 persoas por proba e equipo**. Se este número impidise o bo desenvolvemento da sede ou etapa por falta de tempo, podería reducirse, informando aos equipos coa maior brevidade posible.

Os deportistas inscritos nun equipo non poderán cambiar a outro equipo do mesmo club ou doutro durante a mesma tempada. Con todo, poderán incorporarse novos membros nas seguintes etapas sempre que non participasen previamente nas anteriores.

Para que unha categoría poida convocarse dentro da Liga Galega de Freestyle, será obrigatorio contar cun **mínimo de 4 equipos inscritos** na mesma. Se non se alcanzase este mínimo, o CGF poderá unificar categorías ou reestruturar grupos, sempre priorizando a participación e a viabilidade deportiva da competición.

En cada modalidade, puntuarán para a clasificación xeral por equipos os **tres mellores deportistas de cada equipo**. O primeiro clasificado obterá tantos puntos como o número máximo de deportistas participantes, o segundo clasificado un punto menos, e así sucesivamente. Por exemplo, nunha liga de 6 equipos:

- O primeiro clasificado de cada modalidade obtería: **6 equipos x 4 deportistas máximo = 24 puntos**.
- O segundo obtería 23 puntos, o terceiro 22, e así sucesivamente. O cuarto deportista dun equipo non sumaría puntos para o equipo, pero restaría puntos aos rivais.

En caso de empate entre varios deportistas, a puntuación repártese **ex aequo**. Por exemplo, se hai dous quintos postos:

- 3º Clasificado = 22 puntos
- 4º Clasificado = 21 puntos
- Dous 5º Clasificados = $(20+19):2 = 19,5$ puntos cada un
- O seguinte sería o 7º Clasificado = 18 puntos, e así sucesivamente.



Bases de competición Patinaxe Freestyle 2026

Nunha proba por equipos:

- O equipo gañador obterá os puntos dos tres primeiros clasificados.
- O segundo equipo obterá os puntos do quinto, sexto e sétimo clasificados, e así sucesivamente.

Entregarase trofeo aos tres primeiros clasificados de cada categoría (1.º, 2.º e 3.º posto), conformando así o cadro de honra das LGPF. Ademais, farase un recoñecemento ao mellor equipo de cada proba en cada categoría, segundo os criterios establecidos pola organización.

11.6 PROBAS DE NIVEL

Este evento está pensado para captar a aqueles patinadores que queren probarse a si mesmos pero aínda non se senten preparados ou non teñen interese en participar en competicións. Tamén permite facer un seguimento do patinador sobre a súa habilidade actual en cada unha das modalidades.

Existen ata **6 niveis de dificultade**, sendo o **nivel 1** o máis sinxelo e o **nivel 6** o máis complexo.

- Calquera patinador pode presentarse ao **nivel 1**, pero para os niveis seguintes é necesario contar cunha **licenza de Freestyle en vigor**.
- Os patinadores só poden inscribirse no nivel que lles corresponda segundo os resultados obtidos en probas anteriores. Se é a primeira vez, deben inscribirse obrigatoriamente no **nivel 1**.
- É posible presentarse a varias probas de nivel consecutivas na mesma xornada, sempre que se aprobe o nivel inmediatamente anterior ao que se desexa realizar.
- A FGP entregará un **diploma** que certifique o **APTO** do nivel superado.
- A normativa para cada proba será indicada na **circular específica vixente** no momento da convocatoria e publicada pola FGP.
- Non se fará distinción por categoría, agás na proba de salto, onde haberá diferenza por sexo.



FEDERACION GALEGA DE PATINAXE
Plaza de Agustín Díaz, 3 (Complejo Deportivo Elviña)
15008 - La Coruña
Teléfonos - 981-130.994 – 981-134.183
www.fgpatinaxe.com – Email: secretaria@fgpatinaxe.gal
CIF: G15070451



Bases de competición Patinaxe Freestyle 2026

Obrigatoriedade para Campionato Galego

- Para poder participar no **Campionato Galego de Inline Freestyle**, será obrigatorio ter superado, como mínimo, o **nivel 2** na disciplina correspondente, admitíndose os resultados obtidos en convocatorias de anos anteriores.
- **Excepción para categorías de base:** para as categorías MINI, Benxamín e Alevín será suficiente ter superado o **NIVEL 1** na disciplina correspondente. Esta previsión non modifica os contidos nin a estrutura dos niveis; aplícase unicamente como condición de acceso ao Campionato Galego 2026.
- Así mesmo, quedarán exentos desta esixencia de nivel aqueles deportistas que xa se teñan presentado a un Campionato de España na disciplina correspondente. Enténdese que o cribado técnico e os requisitos de acceso ás competicións estatais son significativamente superiores aos niveis base autonómicos, polo que a súa participación previa no ámbito nacional acredita sobradamente o nivel mínimo para competir no Campionato Galego.

A Coruña, a 30 de decembro de 2025



Fdo. José Manuel Lago Varela
Comité Galego de Patinaxe Freestyle